

**GUÍA DIDÁCTICA DE ECONOMÍA DA EMPRESA****2º DE BACHARELATO SEMIPRESENCIAL**

HORARIOS TUTORÍA LECTIVA	Grupo Mañá: martes 11:30 - 12:15 (aula 1.1) Grupo Tarde: luns 17:30 - 18:15 (aula UM)
HORARIO TUTORÍA ORIENTACIÓN	Luns: 16:45 - 17:30 (Dpto. de Comunicación) Mércores: 10:45 - 11:30 (Dpto. de Comunicación) Venres: 10:45-12:15 (Dpto. de Comunicación)
PROFESORA	Beatriz Chao
CORREO ELECTRÓNICO	<a href="mailto:epa.pondal@gmail.com">epa.pondal@gmail.com</a>
TELÉFONO DO CENTRO	881.960.901

**1.- CONTIDOS E UNIDADES DIDÁCTICAS**

Como recolle o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, os contidos da materia de Economía da Empresa, estrutúranse en sete bloques:

**BLOQUE I:** A empresa.

- **Unidades 1 e 3**

**BLOQUE II:** Desenvolvemento da empresa.

- **Unidade 2**

**BLOQUE III:** Organización e dirección da empresa.

- **Unidade 5**

**BLOQUE IV:** A función produtiva.

- **Unidades 6 e 4**

**BLOQUE V:** A función comercial da empresa.

- **Unidade 5**

**BLOQUE VI:** A información na empresa.

- **Unidades 9, 10 e 5**

**BLOQUE VII:** A función financeira.

- **Unidades 7 e 8**

**UNIDADE 1:** A empresa.

**UNIDADE 2:** O desenvolvemento da empresa.

**UNIDADE 3:** Normas mercantís.

**UNIDADE 4:** A función de aprovisionamento.

**UNIDADE 5:** Normas laborais e fiscais.

**UNIDADE 6:** A función de produción.

**UNIDADE 7:** Introducción a función financeira.

**UNIDADE 8:** O investimento da empresa.

**UNIDADE 9:** Os estados financeiros da empresa.

**UNIDADE 10:** A análise da información contable.

## **2.- MATERIAIS E RECURSOS:**

**1.- Aula virtual do EPAPU EDUARDO PONDAL.** Onde aparecerán todos os materiais de estudio entregados polo profesor, así como todo o material aconsellado nas titorías lectivas (recórdase a obriga de asistencia as titorías lectivas).

**2.- Como material de apoio:** libros de texto actualizados da materia de Economía da Empresa (segundo curso de Bacharelato).

**3.- Recursos bibliográficos:** O centro dispón de biblioteca na que ademais da consulta e préstamos de libros/revistas,... etc, a biblioteca dispón de computadores con conexión a internet, que o alumnado pode utilizar como apoio didáctico (CDs, Internet,etc...)

## **3.- TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS**

<b>1ª avaliación</b>	Unidades 1,2,3 e 4
<b>2ª avaliación</b>	Unidades 5, 6, 7 e 8
<b>3ª avaliación</b>	Unidades 9 e 10

#### **4.- TITORÍAS LECTIVAS E DE ORIENTACIÓN**

**As titorías lectivas** supoñen unha sesión semanal (unha no turno de mañán e outra no turno de tarde). Van dirixidas a abordar aspectos fundamentais da materia e a orientar ao alumnado no estudo autónomo das unidades.

**As titorías de orientación** están destinadas a resolver dúbidas no desenvolvemento das actividades e realizar aclaracións que xurdan no estudo das unidades.

#### **5.- CONTIDOS MÍNIMOS**

##### **Primeira avaliación:**

- Coñecer e interpretar os distintos elementos da empresa, os seus tipos e funcións e as súas interrelacións, valorando a súa contribución segundo o tipo de empresa.
- Clasificar os diferentes tipos de empresas, sinalando os seus trazos diferenciais, e analiza-las vantaxes e inconvenientes da maior ou menor dimensión da empresa e do seu carácter público ou privado.
- Describir as áreas de actividade da empresa, sinalando as súas relacións, interdependencias e o seu distinto peso e importancia segundo o tipo de empresa.
- Identificar os factores do ámbito xeral e específico que inflúen na empresa (político- legais, económicos, tecnolóxicos, socioculturais, subministradores, clientes, competidores, etc.) sinalando exemplos representativos e circunstancias que ilustren esa incidencia.
- Identificar as principais características do sector no que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir delas, as distintas estratexias e decisións adoptadas.
- Distinguir as diferenzas esenciais que hai entre as distintas formas de empresa en canto ao número de socios, as formas de acceso á propiedade, a responsabilidade fronte a terceiros, o goberno e a representación das empresase as vantaxes e desvantaxes de cada unha.
- Definir que é unha acción, diferenciar as súas distintas clases e coñecer os dereitos que a súa posesión lles confire aos seus propietarios.
- Explicar e aplicar a unha actividade o análise DAFO.
- Describir as forzas competitivas que deben estudarse nun sector.
- Describir as estratexias básicas que unha empresa pode adoptar para alcanzar vantaxes competitivas que permitan o logro dos seus obxectivos.
- Analizar os distintos ámbitos de responsabilidade da empresa.

- Describir brevemente as leis que garanten o funcionamento do mercado.
- Enumerar, explicar e aplicarlles a situacións simuladas os factores de localización, de vista da competencia. tanto comercial ou de servizos, como industrial.
- Enunciar e coñecer os criterios que habitualmente se empregan para medir a dimensión das empresas.
- Identificar as distintas posibilidades de crecemento das empresas: especialización ou diversificación.
- Comprender que é a integración vertical das empresas e explicar as diferentes vías de crecemento externo: subcontratación, concentración e cooperación.
- Analizar e explicar as vantaxes e inconvenientes e a relación de complementariedade, entre as grandes empresas e as PEMES.
- Identificar os aspectos positivos e negativos das PEMES.
- Calcular os distintos tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa e representalos graficamente.
- Diferenciar entre custos directos e indirectos.
- A partir de datos achegados relativos á produción dunha empresa (custos, nivel de produción, ingresos etc.), explicar o concepto de punto morto, calculalo e representalo graficamente.
- Saber calcular ratios de produtividade, interpretando convenientemente os resultados obtidos e coñecer a maneira de mellorar a produtividade nunha empresa.
- Coñecer as vantaxes do investimento en I+D+i e a importancia da existencia dun sistema de patentes que protexa os descubrimentos e xere incentivos para o cambio tecnolóxico.
- Identificar os custos que xera o almacén e resolver exercicios sobre o nivel de pedido óptimo e a súa representación gráfica.
- Resolver exercicios de valoración de existencias mediante o método FIFO e de PMP.

### **Segunda avaliación:**

- Distinguir distintos tipos de mercado en función de distintos criterios (nº de competidores, produto, destinatarios, etc) e calcular a cota de mercado de empresas das que se coñezan os seus datos de vendas.
- Diseñar e realizar unha investigación de mercados dunha pequena empresa, sabendo distinguir entre información primaria e secundaria, e coñecer e deseñar distintas técnicas de recollida de información en función das necesidades do estudo.
- Coñecer e aplicar a segmentación de mercados segundo os diferentes criterios.

- Distinguir a estratexia de marketing máis adecuada para cada tipo de mercado e xustificar o porqué.
- Analizar un produto determinado indicando os seus compoñentes, os seus atributos e todos os aspectos que o diferencian dos da competencia..
- Describir o ciclo de vida do produto e identificar as características máis importantes de cada etapa
- Distinguir en que casos se pode levar adiante unha política de prezos ou outra e explicar cales son os diferentes sistemas de fixación de prezos que se poden utilizar.
- Diseñar unha estratexia para a promoción dun produto e unha empresa utilizando un mix de comunicación.
- Diferenciar os distintos tipos de canles de distribución existentes, distinguindo os diversos axentes que actúan nelas, e saber elixir a máis indicada ante distintas situacións hipotéticas.
- Distinguir e definir os diferentes tipos de financiamento atendendo aos criterios de propiedade, orixe e prazo coas súas características, vantaxes e desvantaxes e diferenzas.
- Razoar adecuadamente a elección das fontes de financiación a un caso concreto.
- Calcular o pay-back dun investimento e sinalar as vantaxes e inconvenientes deste método.
- Calcular o valor actual neto (VAN) e seleccionar entre varios investimentos os máis
- Calcular a TIR de proxectos de investimento con dous fluxos netos de caixa, interpretar os resultados e razoar a mellor elección.
- Coñecer, definir e calcular o patrimonio a partir dos elementos que o compoñen.
- Diferenciar os diferentes libros e estados contables.
- Saber organizar os diferentes elementos patrimoniais nun balance e relacionalos coa súa función financeira.
- Saber elaborar unha conta de perdas e ganancias, e calcular os diferentes resultados que se obteñen dentro dela entendendo o seu significado.

### **Terceira avaliación:**

- Definir, calcular e interpretar o fondo de manobra.
- Entender, calcular e interpretar as ratios financeiras para analizar a información contable, en especial, as ratios máis significativas, tanto de liquidez, como de solvencia e de débeda.
- Comprender e analizar as distintas medidas legais que se poden adoptar ante desequilibrios financeiros.
- Analizar e interpretar mediante porcentaxes e ratios unha conta de perdas e ganancias.

- Calcular os distintos tipos de rendibilidade económica interpretando o seu resultado.
- Identificar os principais tributos relativos do IRPF, IS, IVE e IAE.
- Entender o concepto de organización empresarial e os seus principios, e as achegas das diferentes escolas.
- Distinguir entre a estrutura formal e informal da empresa.
- Coñecer, identificar e diferenciar criterios de departamentalización, e as súas vantaxes e inconvenientes.
- Coñecer, identificar e diferenciar as estruturas organizativas básicas, as súas características, vantaxes e inconvenientes e saber facer organigramas que as representen.
- Coñecer a normativa laboral española: tipos de contratos, dereitos e obrigas, medidas para a conciliación laboral, a representación colectiva, os convenios colectivos e as medidas de conflito colectivo.

**Enlaces de interese:**

<a href="http://www.ige.eu">www.ige.eu</a>	INSTITUTO GALLEGO DE ESTADÍSTICA
<a href="http://www.ine.es">www.ine.es</a>	INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA
<a href="http://www.bde.es">www.bde.es</a>	BANCO DE ESPAÑA
<a href="http://www.consumo-inc.es">www.consumo-inc.es</a>	INSTITUTO NACIONAL DE CONSUMO
<a href="http://www.aeat.es">www.aeat.es</a>	AGENCIA TRIBUTARIA
<a href="http://www.ecomur.es">www.ecomur.es</a>	PORTAL DE ECONOMÍA
<a href="http://www.uce.org">www.uce.org</a>	UNIÓN DE CONSUMIDORES DE ESPAÑA